

ed
s
ed
ed
ed
ed

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.
Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)
Contidos: Área de Comunicación
Deseño gráfico: Uqui/Cebra
Fotografías: Arquivo AGADIC
D.L.: C-826-06

O dúo francés Ietó

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO APOIA O NOVO CIRCO MEDIANTE A SÚA INTEGRACIÓN NUNHA REDE EUROPEA ESPECÍFICA

SUMARIO

- [1-5] AGADIC
 - [4] > Centro Coreográfico Galego
 - [4-5] > Centro Dramático Galego
- [6-9] ALERTAS
- [9-10] E_SCENA EN CIFRAS

O ACORDO BENEFICIARÁ A FORMACIÓN CONTINUA DOS PROFESIONAIS, A CIRCULACIÓN DE TÉCNICAS E TENDENCIAS ARTÍSTICAS E O INTERCAMBIO ENTRE COLECTIVOS

A AGADIC PERSEGUIRE IMPULSAR E PROMOVER CADA CALIDADE MÁXIMA OS PROXECTOS GALEGOS QUE SE INSIREN NESTA DISCIPLINA ESCÉNICA

O Centro Dramático Galego (CDG) sentou as bases para o desenvolvemento do novo circo en Galicia mediante a súa integración na rede europea Jeunes Talents du Cirque Europe, unha entidade supranacional con sede en Francia, dedicada á proxección e difusión desta disciplina escénica, tanto entre os profesionais como entre o público. A estratexia iniciada para este fin establécese a través dunha serie de accións conxuntas entre os responsables institucionais (Centro Dramático Galego e Axencia Galega das Industrias Culturais) e as agrupacións pioneiras do novo circo que funcionan actualmente en Galicia, como son a Federación Galega de Novo Circo e os colectivos Circo Nove e Pistacatro.

continúa na páx. seguinte

navega por e_scena
pinchando nas frechas,
no índice e nos enderezos web

e_scena



O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO APOIA O NOVO CIRCO MEDIANTE A SÚA INTEGRACIÓN NUNHA REDE EUROPEA ESPECÍFICA

.....
vén da páx. anterior

O acordo acadado suporá un beneficio para o novo circo galego en tres eixos principais: a formación continua dos nosos novos artistas e profesionais, a circulación de información sobre técnicas e tendencias artísticas, e o intercambio profesional con outros colectivos europeos.

Con este proxecto respóndese ademais á crecente implantación social desta arte en Galicia, que para o seu avance pasa obrigatoriamente pola estabilidade dos seus axentes e das súas estruturas. A consecución deste primeiro obxectivo redundará no logro de niveis óptimos de calidade nos espectáculos, tanto no tocante á execución técnica como á creación. A iniciativa, liderada polo sector, conecta cos fins xerais da AGADIC canto ao impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e nela participa de pleno o CDG como primeira entidade interesada na promoción en Galicia das novas tendencias escénicas como xéneros teatrais de pleno dereito.

Ciclo Circo en Escena

De feito, o CDG viña apostando xa nos últimos anos por propostas desta disciplina, como foron os casos das participacións en espectáculos como *Kamikaze* ou *Ringorrango*. Dentro desa mesma liña sitúase ao salón Teatro como espazo escénico público comprometido, desde onde, durante o presente mes de febreiro, se asiste á primeira edición da mostra Circo en Escena. Trátase dun tipo de ciclo pioneiro na nosa Comunidade, que ofrece aos afeccionados ao xénero a oportunidade de gozar de diferentes propostas que se están a

A iniciativa, liderada polo sector, conecta cos fins xerais da AGADIC canto ao impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego



Varuma Teatro



O Último Momento

representar dentro dos festivais e programacións máis prestixiosas do mundo. Catro compañías procedentes de Galicia, Andalucía, Portugal e Francia amosan a fusión do novo circo con diferentes disciplinas artísticas (como son o flamenco, a danza contemporánea, o clown ou o teatro), diversificando as formas de expresión e a súa linguaxe.

Circo en Escena comeza os días 5 e 6 de febreiro coa compañía andaluza Varuma Teatro, que escenifica a peza *Malgama*. Seguen nas próximas xornadas as representacións da compañía portu-

guesa O Último Momento coa montaxe *Contigo* (días 7 e 8), un espectáculo nacido do punto de encontro entre o coreógrafo Rui Horta e o acróbata do mastro chinés João P. Pereira dos Santos. Os días 14 e 15, a compañía galega Maquinaria Pesada debutará coa estrea do espectáculo de clown *As vingadoras*, o novo proxecto en común das actrices galegas Marian Bañobre e Isabel Risco baseado na serie televisiva inglesa dos anos 60. Finalmente, os franceses Ietó (dúo de funambulista e acróbata) pecharán os días 19 e 20 este ciclo.

Factoría cultural

O labor institucional apoia e vén a sumarse ao traballo desenvolvido polo sector privado, no que destaca o servizo que se presta nunhas instalacións conxuntas de ensaio –nunha ubicación próxima a Santiago– ás que acoden máis de 40 profesionais. No que moitos apuntan xa como o xermolo da futura Escola de Circo Galego, o mesmo espazo funciona ademais como observatorio, punto de información e asesoramento, así como de creación, produción e distribución de espectáculos de novo circo e cabaré. O resultado é unha factoría cultural en continuo funcionamento, na que se fai fincapé en formas de comunicación co público máis físicas, visuais e cercanas

Na escola ofértanse cursos regulares de varios niveis nas técnicas e disciplinas do novo circo: desde obradoiros de iniciación para nenos e adultos sobre as técnicas dos malabares, as acrobacias, aéreos, clown, equilibrios... até os cursos regulares e monográficos para os interesados en afondar nas anteriores disciplinas da man de mestres de prestixio recoñecido.

Residencias para 2010

O apoio do CDG concrétase ademais na materialización multilateral dun programa de residencias, cuxa pimeira convocatoria está prevista para 2010 mediante un fondo económico da Unión Europea.

O feito de recibir en Galicia artistas europeos en residencia, ao igual que o de desprazar aos galegos a focos de actividade importantes noutros países,

supón un enriquecemento excepcional para os creadores e intérpretes de novo circo, que asistirán deste xeito ao coñecemento recíproco de novas técnicas, de procesos creativos diferentes e de discursos e dramaturxias particulares. O sistema de interacción realizarase mediante un plan de traballo de foros abertos e clases maxistras, co valor engadido de contar cos espazos de ensaio e exhibición adecuados e da asistencia técnica e artística de expertos.

O estilo galego

As claves que definen o novo circo galego son o emprego de grandes doses de xénero cómico, a implicación dos espectadores como parte activa do espectáculo e o uso do inxenio por riba da técnica, características herdadas dos anos de escenificacións na rúa. Ademais, hai unha clara compoñente teatral que serve de base, historias e personaxes cómicos que falan directamente co público e un uso dos recursos circenses como o mellor colofón dos *shows*.

Nos últimos anos, co salto da rúa ao interior das salas, a dramaturxia gaña profundidade e as técnicas de circo adquiren novos significados e usos. Os espectáculos baséanse máis nas coreografías e no ritmo xeral. No momento actual, a conxunción destas dúas marcas ou estilos, o cómico e o visual, está dando lugar a un novo xeito de enfocar as creacións dos artistas e das compañías, trátase dun estilo propio que os seus protagonistas defenden como sinais propias de identidade para que o novo circo galego forme parte con total digidade da tradición de circo europea.

A AGADIC PARTICIPA NO FORUM "CULTURA E CRIATIVIDADE" DE PORTO

A cultura galega estivo representada en Porto (Portugal) na Feira Internacional de Arte, Cultura e Industrias Culturais CONCEPTA a través do *stand* co que a AGADIC participou nesta primeira edición do evento, celebrado do 5 ao 8 de febreiro na Exponor de Matosinhos, no marco do Forum Cultura e Creatividade.

CONCEPTA compartiu espazo expositivo co I Salón Internacional dos Museus e do Património TEMPUS, congregando en conxunto máis de 130 entidades participantes de Portugal, Brasil, España, Macau, Timor, etc. Configurouse así unha feira de negocios transversal a todo o sector da cultura e da creatividade, a través da que se buscou demostrar o potencial deste sector na creación de emprego e no desenvolvemento económico e social.

Xunto coa área expositiva, o Forum Cultura e Creatividade acolleu outra serie de actividades como concertos, debates, obradoiros, presentacións profesionais e reunións de traballo. No marco destas sesións paralelas, o director da AGADIC, Miguel Martín, participou nunha das mesas redondas sobre economía creativa nas comunidades.

+ info en inovaforum.org



ESCENA

O PROGRAMA ARTISTAS EN RESIDENCIA DESENVOLVERÁ ESTE ANO 14 PROXECTOS

A AGADIC seleccionou 14 proxectos, a meirande parte deles galegos, de entre o total de 167 que optaron este ano ao programa Artistas en Residencia. As propostas artísticas e os creadores que traballarán nos vindeiros meses no Centro Coreográfico Galego (CCG) e no Centro Dramático Galego (CDG) a través desta iniciativa son Guillem Mont de Palol coa obra titulada *Yo fui un hombre lobo adolescente inventando horrores*, La Canalla C.B. con *PlayGround_textil'n progress*, Rut Balbis Calviño con *Tres*, Gena Romero Baamonde con *Corpo-Puta-Vaca-Berro*, Carolina Fernández Fraga con *Arquitecturas interiores*, David Loira García con *Macho*, María Mercé Pérez con *Re-Fiando*, Julien Vitecoq con *AÏE*, Estefanía García e Pablo Fidalgo con *Estudios completos*, Víctor Zambrana con *3*, Laura Lizcano Sánchez con *Assemblage*, Michel Groisman con *Jogos corporais*, Xavier Mariño Álvarez con *Identidades* e Borja Fernández Rodríguez con *Rewind*.

Das 167 solicitudes rexistradas como candidatas a este programa, 31 delas procedían de Galicia, 62 do resto do Estado e 74 foron estranxeiras.



Borja Fernández e Uxía P. Vaello

Artistas en Residencia é unha iniciativa da AGADIC xestionada polo CCG e o CDG, que ten como finalidade apoiar a artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación ou de creación nos ámbitos do teatro, danza, circo e outras artes do movemento. Tamén se poden beneficiar del artistas que, dende outras disciplinas artísticas, traballen coas devanditas artes escénicas como referencia. Na convocatoria establécense ademais dous tipos de residencia, a que ten como finalidade a creación e a residencia-laboratorio. Esta última ofrece os recursos para desenvolver un traballo de investigación.

+ info en www.centrocoreografico.org e www.centrodramatico.org

AUDIOVISUAIS

MÁIS DE 30 PRODUTORAS ASISTEN A UNHA XORNADA INFORMATIVA SOBRE O PROGRAMA MEDIA EUROPEO

Profesionais procedentes dunha trintena de empresas audiovisuais galegas asistirán o 13 de febreiro a unha sesión informativa sobre o programa Media da Unión Europea. Organizada pola Fundación Cultural Media Desk España e a AGADIC, a iniciativa servirá para dar a coñecer e explicar as claves deste programa de axuda vixente até 2013 e as posibilidades de acceso aos seus fondos polas produtoras do país.

A xornada desenvolverase en horario de mañá no Centro Galego de Arte Contemporánea, en Santiago de Compostela, e está previsto que nela tomen parte como relatores Rosario Alburquerque, do Ministerio de Cultura; Jesús Hernández, director de Media Desk España; Carlo D'Ursi, director de Potenza Producciones S.L.; Manuel González, asesor en materia audiovisual da Consellaría de Cultura e Deporte; e Miguel Martín, director da AGADIC.

Os contidos que se trasladarán aos asistentes van desde unha aproximación á situación actual do programa Media, o novo programa Media Mundus 2011-2013 ou as modalidades de axuda, até casos prácticos sobre como enfocar a presentación de documentación diante de Bruxelas.



Giselle na que se dan cita os grandes ideais románticos. A través da iluminación, o vestuario, a escenografía, o vídeo e a música créase unha atmósfera máxica chea de matices, que está a dar como resultado un espectáculo de gran beleza plástica.

O EQUIPO DE "GISELIÑA" REALIZA 10 DÍAS DE RESIDENCIA TÉCNICA EN LA LABORAL DE XIXÓN

O Centro Coreográfico Galego viaxará a Xixón para realizar unha residencia técnica no teatro La Laboral durante 10 días, do 16 ao 25 de febreiro, co obxectivo de axustar e probar antes da estrea os distintos aspectos que conforman *Giseliña*, espectáculo que se presentará diante do público o vindeiro 7 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña.

Esta montaxe, dirixida polo coreógrafo catalán establecido en Suíza Cisco Aznar, é unha revisión libre e poética do clásico

Con *Giseliña*, Aznar quere achegar algúns dos ideais do Romanticismo á época *sno*b e cargada de racionalismo na que vivimos, ofrecéndonos un espectáculo de paixóns acesas a través do seu persoal xeito de subliñar o poder de expresión que posúe o movemento.

O equipo, do que forman parte un total de 13 bailaríns, complétase con Luís Lara no deseño da escenografía e do vestuario, Antón Ferreiro no de iluminación e Pablo Palacio na composición musical.


O CCG ACOLLE UN CURSO DE TÉCNICA E REPERTORIO DE DANZA GRAHAM A CARGO DE ESTHER EIRÁS

Os días 7 e 8 de febreiro o Centro Coreográfico Galego acolle un taller de danza Graham impartido pola galega Esther Eirás, como actividade que forma parte –xunto a outros oito talleres– do programa de formación da temporada 08-09.

Neste curso, dirixido a profesionais e estudantes de nivel medio-alto, traballaranse fisicamente os fundamentos da técnica Graham: a contracción e *release* do tronco, espirais, caídas e desprazamentos do centro do corpo... Nas sesións levaranse a cabo rutinas de exercicios clásicos da técnica como son a rotación en cuarta posición, a extensión da perna, exercicio de seis, contraccións laterais

ou caída en dez tempos. Este curso complétase coa aprendizaxe dunha coreografía de Martha Graham e co estudo da composición e estrutura da obra.

Esther Eirás ten unha ampla formación no mundo da danza e outras artes do movemento. É diplomada en Fisioterapia pola Universidade da Coruña. Realizou estudos de ballet, danza jazz, contemporáneo, flamenco, teatro e teatro musical no Conservatorio Superior de Danza de Madrid. Completou a súa formación de técnica Graham no Martha Graham Center de Nova York. Como bailarina formou parte do Martha Graham Ensemble baixo a dirección de Marnie Thomas e Virginie Mecene participando en *Dark Meadow*, *Prelude to Action*, *Appalachian Spring*, *Night Journey* e *Acts of Lights*.



Taller de Danza Graham

O DRAMATURGO FRANCÉS ENZO CORMANN IMPARTE UN OBRADOIRO DE ESCRITA TEATRAL

O Centro de Creación Dramática Contemporánea (CDC) do CDG acolle do 23 ao 27 de febreiro o terceiro dos catro obradoiros que conforman o curso de escrita teatral dirixido por Cándido Pazó *Pistas para unha dramaturxia da actualidade III*, neste caso impartido polo recoñecido dramaturgo francés Enzo Cormann.

Enzo Cormann, pseudónimo de Bernard Vergnes, é un dos máis importantes autores do teatro francés contemporáneo. Escritor asociado a diferentes teatros, desde o ano 2000 é o responsable do departamento de escritura dramática na Escola Nacional Superior das Artes e Técnica do Espectáculo (ENSATT) en Lyon (Francia). Cormann ten no seu haber máis dunha trintena de obras, entre as que destacan *Credo*, *Diktat* e *Toujours l'orage* publicadas principalmente en Editions de Minuit, Théâtrales e Actes Sud e traducidas a unha decena de linguas. É, ademais, docente do Estudo Europeo de Escritura



Enzo Cormann

Dramática, unha cita estival á que acoden puntualmente todos os anos alumnos das escolas oficiais de arte dramática de España e Francia.

Cándido Pazó, Angélica Liddell e Maxi Rodríguez impartiron os anteriores obradoiros onde os doce alumnos matriculados traballaron os aspectos relacionados coa escolla dos temas e motivos de teatralización, detección de conflitos e valoración das potencialidades de partida, así como os distintos elementos da teatralidade á hora de abordar o traballo dramático, construción de personaxes, diálogos e resolución de finais. O último dos obradoiros –previsto para a semana do 30 de marzo ao 3 de abril– correrá a cargo da británica Elysee Dodgson, directora asociada e xefa do departamento internacional do Royal Court Theatre de Londres.

SELECCIONADAS TRES OBRAS COMO FINALISTAS DO III PREMIO DIARIO CULTURAL DE TEATRO RADIOFÓNICO

O xurado do III Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico seleccionou como obras finalistas á actual edición de 2009 as tituladas *O xou mas gou ou, Servizo de información* e *Peter Buckley*. A lectura dramatizada dos tres textos, que se gravará baixo a dirección de Cándido Pazó, emitírase ao longo do mes de marzo nos distintos programas da Radio Galega para que a audiencia vote a obra que recibirá o premio do público.

Cristina Domínguez, directora do CDG; Ana Romaní, directora do programa Diario Cultural; Flor Maceiras, actriz; Cándido Pazó, dramaturgo e director; e Camilo Franco, crítico teatral, integraron o xurado. No dictame quedou resaltada a calidade dos textos presentados este ano, así como a súa adecuación ao xénero do teatro radiofónico. Salientou, ademais, a diversidade existente nos tres textos seleccionados.

Máis dunha trintena de obras presentáronse a esta terceira edición do Premio organizado pola Radio Galega e o CDG co patrocinio da Consellaría de Cultura e Deporte. O galardón, do-

tado con 3.000 euros para cada unha das súas dúas modalidades (premio do xurado e premio do público), pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, facilitar o diálogo entre a dramaturxia contemporánea e o medio radiofónico, divulgar a escrita teatral galega e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico desde unha perspectiva contemporánea.

O CDG colabora con este premio mediante a súa aportación na coordinación do proceso de dramatización das obras presentadas, que, ademais da dirección de Cándido Pazó, contará coa interpretación dun elenco de actores e actrices galegos.

David Rodríguez foi o gañador da primeira edición con *O Bambam*. A obra, interpretada por Luis Tosar e Luis Zahera con dirección de Lino Braxe recibiu tamén o premio do público. Na segunda edición premiáronse as obras *O mal da vaca*, de Begoña García, premio do xurado, e *Saltilbanqui* de Lois Pérez, premio da audiencia. Quico Cadaval dirixiu as adaptacións radiofónicas interpretadas por Manuel Lourenzo, Susana Dans, Belén Constenla, Rebeca Montero, Marcos Orsi, Xan Cejudo, Xosé Manuel Oliveira Pico e Fernando Pedrido.

A COMPAÑÍA MAQUINARIA PESADA DEBUTA NO SALÓN TEATRO CON "AS VINGADORAS"

A compañía escénica pontevedresa Maquinaria Pesada, que integran as actrices Marian Bañobre e Isabel Risco, debutará os próximos 14 e 15 de febreiro no Salón Teatro coa súa primeira produción en común, unha recreación en clave de *clown* da mítica serie televisiva británica dos anos 60 *Os vingadores*.

O CDG apoia, coa súa inclusión no ciclo Circo en Escena, a presentación desta nova formación artística, xurdida da iniciativa dun pequeno grupo de persoas



Máquina Pesada



con máis de 10 anos de actividade teatral ás súas costas e cun interese común: o de intentar entreter co seu traballo.

Con dirección do inglés John Wright e baixo o título de *As vingadoras*, Bañobre e Risco encarnan na súa montaxe ás astutas Emma e Pili que, coa súa preparación e coñecementos, resolverán unha vez máis un caso de máxima importancia para a sociedade galega.

JEREMY JAY, PRAM, LARSEN E LITTLE ANNIE INTEGRAN A EXTENSIÓN SALÓN TEATRO DO FESTIVAL SINSAL

O Salón Teatro abre o domingo 22 de febreiro, coa actuación de Jeremy Jay, a terceira edición da extensión en Santiago do Festival Sinsal, un encontro de referencia en Galicia para a música contemporánea máis vangardista que ten a súa sede principal en Vigo. O escenario que xestiona o CDG completará o ciclo con outros dous recitais: Pram (2 de abril) e Larsen e Little Annie (14 de maio), co que continúa así o seu labor de difusión das expresións escénicas actuais, desde unha perspectiva multidisciplinar e integrada.

Sofisticadamente retro e seductoramente ambiguo –segundo os entendidos– o álbum debut de Jeremy Jay, *A place where we could go*, recunca dende

un cálido e nouturno agocho nas sonoras de François Hardy, Buddy Holly, David Bowie ou Nirvana. Coma unha caste de Lord Byron despeiteado, na voz do californiano conviven o pop subterráneo e o romanticismo, a realidade e a ficción, dando pé a unha epifanía musical memorable. En Santiago, adiantará, ademais, algúns temas do seu novo traballo –*Slow dance*– que sairá ao mercado en marzo.

Pola súa banda, os británicos Pram desmostrarán, no concerto que ofrecerán o próximo 2 de abril, por que son un dos grupos máis oníricos do panorama alternativo. Sam Owen, Matt Eaton, Max Simpson e a particular voz de Rosie Cuckson soan coma unha boa película de ciencia ficción, sen efectos especiais abraiantes, entre David Lynch e Tim Burton, ás veces desacougantes e outras, doces e tenros. Enriba do escenario, dan unha nova dimensión ao seu son, acompañando a súa posta en escena con audiovisuais tan especiais e únicos como a súa música. Case dúas décadas despois da súa formación, ben acreditados pola fantasmagórica emulsión de ventos, xilófonos, theremíns, teclados e marimbas do aclamado disco *The moving frontier* (2007), o grupo segue vixente.

O Sinsal Santiago pechará o 14 de maio coa actuación que compartirán a banda de culto experimental Larsen e a cantante Little Annie.

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

* Un mes dende a formalización dos préstamos obxecto de subsidiación e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2009. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta convocatoria, o 28 de febreiro.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 1 de novembro de 2008 e o 28 de xaneiro de 2009, o prazo finaliza o 28 de febreiro. Para o resto, o 31 de outubro.

*** Para as actividades realizadas entre o 1 de novembro de 2008 e o 28 de xaneiro de 2009, o prazo finaliza o 28 de febreiro. Para o resto, o 31 de outubro.

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
Subvencións da AGADIC ás industrias culturais 2009 (DOG nº 19 de 28 de xaneiro de 2009)	A. Actividade escénica		
	A.1. Nova creación		
	A.2. Compañías residentes		
	A.3. Actividade escénica no ámbito do teatro (para a produción e distribución dun espectáculo de nova produción ou para a continuidade da actividade escénica)	Persoas físicas ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade teatral, da danza ou da maxia, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia.	28 de febreiro
	A.4. Actividade escénica no ámbito da danza (para a produción e distribución dun espectáculo de nova produción ou para a continuidade da actividade escénica)		
	A.5. Actividade escénica no ámbito da maxia (para a produción e distribución dun espectáculo de nova produción ou para a continuidade da actividade escénica)		
	B. Programa Crédito-Cultura	Sociedades mercantís dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de servizos de consumo cultural, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia	31 de outubro*
	C. Promoción e difusión de traballos discográficos	Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución no ámbito da música con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia.	28 de febreiro
	D. Distribución		
	D.1. Distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais producidos por empresas galegas	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, coa excepción das asociacións e entidades sen fins de lucro.	31 de outubro**
	D.2. Asistencia a feiras e mercados culturais	Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución de bens ou servizos culturais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, para a asistencia a feiras ou mercados culturais con <i>stand</i> propio, da asociación de empresarios do sector ou da Consellaría de Cultura e Deporte.	31 de outubro***
	D.3. Distribución de espectáculos en feira	Persoas físicas e xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas, con domicilio ou sede social en Galicia, coa excepción das asociacións e entidades sen fins de lucro.	28 de febreiro
	E. Salas de teatro e artes escénicas privadas	Salas e teatros de titularidade privada, con capacidade non superior ás 250 prazas e cunha programación estable ou o apoio á creación de espectáculos relacionados coas artes escénicas en xeral. Excluíranse deste ámbito as salas ou teatros cuxa titularidade pertenza a asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro.	28 de febreiro
	F. Asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais	Entidades e asociacións profesionais representativas das empresas e profesionais no sector do teatro, en todas as súas modalidades, a danza e a música.	28 de febreiro

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
CCG. Curso <i>Os lugares do corpo</i>	A coreógrafa e bailarina Claudia Facci impartirá este curso do 16 ao 20 e do 23 ao 27 de marzo na sede do Centro Coreográfico Galego. O obxectivo do taller é proporcionar aos alumnos ferramentas de traballo que lles permitan participar da creación contemporánea a través da práctica e da observación.	Vinte prazos para actores, bailaríns profesionais e estudantes de nivel medio-alto. Matrícula: 120 euros Máis información: www.centrocoreografico.org	Aberto o prazo de inscrición
Fondo Iberoamericano de Axuda Iberescena 2010 Máis información: www.iberescena.org	Coprodución de espectáculos de teatro e danza iberoamericanos	Entidades ou institucións públicas ou privadas, grupos e compañías profesionais de teatro e danza cuxas actividades contribúan a fornecer os plans de cooperación e integración de Iberescena.	10 de xullo
	Apoio a redes, festivais e espazos escénicos para a programación de espectáculos	Redes, festivais e espazos escénicos públicos ou privados de países integrantes de Iberescena, para a programación de espectáculos iberoamericanos, cuxa prioridade sexa amosar propostas de teatro e danza dos países membros do programa.	
	Creación dramaturxica e coreográfica	Autores e coreógrafos dos países membros de Iberescena.	
	Perfeccionamento profesional en produción e xestión	Profesionais das artes escénicas, con especial incidencia nas áreas de produción e xestión de proxectos.	
Fondo Iberoamericano de Axuda Ibermedia 2009 Máis información: www.programaibermedia.com	Coprodución de películas iberoamericanas	Empresas de produción independentes dos países membros de Ibermedia.	16 de febreiro
	Desenvolvemento de proxectos de cine e televisión	Empresas de produción independentes dos países membros de Ibermedia.	
	Programas de formación	Empresas e organizacións dos países membros de Ibermedia.	
	Creación de contidos para vendas internacionais	Empresas de produción e distribución independentes dos países membros de Ibermedia.	
	Distribución de películas doutras cinematografías iberoamericanas	Empresas de distribución independentes dos países membros de Ibermedia.	15 de xuño
	Exhibición	Exhibidores con inscrición en vigor no rexistro de empresas cinematográficas do seu país e con salas de titularidade non pública e de explotación comercial privada.	

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
Subvencións aos investimentos en tecnoloxías da información e as comunicacións	Estas axudas da Consellería de Innovación e Industria (DOG nº 11, de 16 de xaneiro de 2009) teñen por obxecto promover a realización de actuacións das empresas galegas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións para o ano 2009	Empresas privadas con ánimo de lucro ou empresarios individuais que cumpran os requirimentos especificados nas bases. Máis info.: http://www.conselleriaiei.org/ga/web/descarga.php?ids=854&tip=1&dx=0&txtbus=&pag=0	19 de febreiro
Axudas para a xeración de contidos dixitais en lingua galega	Modalidade E das subvencións da Consellería de Innovación e Industria para o desenvolvemento e implantación da sociedade da información en Galicia (DOG nº 11, de 16 de xaneiro de 2009)	Entidades sen ánimo de lucro. Son subvencionables o deseño e a creación de novos contidos dixitais, a dixitalización de contidos xa existentes, categorización, indexación, presentación e programas de interactividade. Máis info.: http://www.conselleriaiei.org/ga/web/descarga.php?ids=855&tip=1&dx=0&txtbus=&pag=0	20 de febreiro
Convocatorias do Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA) 2009 Máis información: http://www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html	Axudas para o desenvolvemento de guións para longametraxes	Autores individuais de nacionalidade española ou nacionais de Estados membros da UE con residencia en España.	2 de marzo
	Axudas para a organización e desenvolvemento de festivais e certames de cinematografía e artes visuais	Corporacións locais ou entidades privadas que actúen como promotoras de festivais.	Varias datas límite a partir do 6 de marzo (consultar bases)
	Axudas para a amortización de longametraxes	Produtoras que cumpran os requirimentos especificados nas bases.	10 de marzo
	Axudas para a produción de curtametraxes e para xa curtametraxes realizadas	Produtoras que cumpran os requirimentos especificados nas bases.	Varias datas límite a partir do 13 de marzo (consultar bases)
	Axudas para longametraxes que incorporen novos realizadores, para obras experimentais de contido artístico e cultural, documentais e pilotos de series de animación	Produtoras que cumpran os requirimentos especificados nas bases.	25 de marzo
	Axudas á conservación de negativos e soportes orixinais	Produtoras de longametraxes españolas ou titulares dos dereitos sobre as mesmas.	3 de abril
	Axudas para a distribución de filmes comunitarios	Distribuidoras que cumpran os requirimentos especificados nas bases.	20 de abril
Inscripción en festivais e mostras audiovisuais de Galicia	Abertos os prazos de inscrición para: — I Certame de Cinema OUFF Escola (Ourense) — Festival galego de curtas Concello de Sada — Redondela en curto — Festival de Cans — Mundos dixitais. A Coruña — Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu	Máis información e acceso ás webs de cada convocatoria en: www.axenciaaudiovisualgalega.org	Diferentes prazos de inscrición

REXISTRO DE DATOS XANEIRO-OUTUBRO 2008
 [E_SCENA EN CIFRAS]

(*) Desglose en anteriores números de e_scena
 (**) Para os datos de *Noite de Reis* e *Valdemuller* previos ás súas reposicións, consultar anteriores números de e_scena

AGADIC

CDG

Produción con distribución pechada (*)

Estigma

Producións con distribución en curso (**)

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Braga	Noite de Reis	1	600,00	[NON DISPONÍBLE]
Almagro	Noite de Reis	3	259,33	1.986,67 €
Santiago	Noite de Reis	5	187,60	1.403,00 €
Santiago	Valdemuller	1	77,00	223,00 €
Santiago	A boa persoa de Sezuán	3	219,00	430,00 €
Carballo	A boa persoa de Sezuán	1	294,00	1.225,74 €

CCG

Produción con distribución pechada (*)

Kiosco das almas perdidas

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ángels Margarit / Cía. Mudances	<i>Larandland</i>	2	84,5	487,50 €
Factoría Escénica Internacional	<i>El agresor</i>	2	48,5	195,00 €
Cía. Daniel Abreu + CCG	<i>Negro</i>	2	88,5	477 €
Sinsal	<i>Matt Valentine & Erika Elder... + Igloo</i>	1	91	518,00 €
Sinsal	<i>Michael Gira + (r)</i>	1	87	554,00 €
Voadora	<i>PeriFeria</i>	2	149,5	137,50 €
Sinsal	<i>Baby Dee + O Fillo Pausado</i>	1	145	1.152,00 €
Uróc Teatro	<i>Ados@dos</i>	2	69	441,50 €
CDG	<i>Valdemuller</i>	19	110,63	328,26 €
CDG	<i>Estigma</i>	13	80,62	214,23 €
Sond'Ar-te Electric Ensemble	<i>Homenaxe a Henrique X. Macías</i>	1	55,00	[func. gratuíta]
AcciónST	<i>Teatro delle Ariette, Nut Teatro e Teatro D2</i>	2	54,50	283,00 €
AcciónST	<i>Teatro delle Ariette, Roberto Leal & Friends e Iván Marcos</i>	2	61,50	620,50 €
Ciclo Novas Músicas	<i>Fran Pérez e Manecas Costa</i>	1	95,00	684,00 €
"	<i>Nordestin@s</i>	1	110,00	835,00 €
"	<i>Carmen Dor</i>	1	45,00	318,00 €
Teatro de Ninguers	<i>Bailadela da morte ditosa</i>	2	137,50	85,00 €
CDG	<i>Noite de Reis</i>	5	187,60	1.403,00 €
Matarile Teatro	<i>Animales artificiales</i>	4	118,00	578,25 €
CaChuzo Teatro	<i>Game Over</i>	3	125,67	274,67 €
Lagarta Lagarta	<i>Aeroplanos</i>	4	154,75	956,00 €
CDG	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	3	219,00	430,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓN	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarád Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓN	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	74	8.248	42,78%	33.803,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	4	951	82,41%	2.515,74 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
40 Pasos	6	184	1.021,07 €
A Factoría Teatro	5	93,8	439,70 €
A Internacional	4	201,75	683,75 €
Abada Teatro-Carlos Blanco	10	332,6	1.730,00 €
Albions Teatro	2	103,5	255,00 €
Arela das Artes	2	104	259,25 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	11	135,91	245,84 €
Artesán Teatro	5	74,6	182,00 €
Bacana	19	135,05	466,03 €
Bengala Produccións	4	230,5	353,50 €
Berrobambán Teatro	9	158,67	428,59 €
Bstuidiodanza	2	61	160,75 €
Búho y Maravillas	2	161,5	405,00 €
Caramuxo Teatro S.c.	7	122,14	244,50 €
Chelicia, Grupo de Violonchelos de Compostela	1	49	122,50 €
Chrystyan Magic	6	195,33	366,80 €
Cía Daniel Abreu	1	47	80,00 €
Cía Pepe Hevia	1	50	260,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea Ballet Jesús Quiroga	1	459	1.849,00 €
Colectivo Danzón	1	89	185,00 €
Compañía Femme Fatale	3	102,67	519,00 €
Cuarta Pared	6	130	732,07 €
Cuarteto Ephimere	1	87	246,00 €
Cuarteto para o Fin dos Tempos	1	21	73,50 €
Cyrille Sinclair	3	186,67	321,83 €
D2	2	132,5	202,50 €
Dani García	2	94	148,75 €
Decamerón e Cía.	2	46,5	116,50 €
Disque Danza	10	135,8	337,92 €
Druidadanza	1	296	2.547,00 €
Dúo Dürichen - Permuy	2	85	165,00 €
Encena Produccións Artísticas S.L.	4	107,25	384,00 €
Ensemble Vigo 430	1	66	198,00 €
Entremans	5	79,4	280,40 €
Espello Cóncavo	7	139,86	390,86 €
Experimentadanza	1	108	304,00 €
Fulano, Mengano e Citano	15	102,27	301,55 €
Galitoon	14	216,71	478,61 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	41,5	93,75 €
Grupo de Música Antiga Martín Códax	1	86	56,00 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	9	93,78	259,11 €
Ilusionista Pedro Volta	3	96,33	211,17 €
Iria Producciones Sl	7	234,86	1.287,29 €
Javier Muro	6	126,17	244,53 €
La Imagina Machina	11	104,64	274,70 €
Lagarta Lagarta	18	185,33	849,31 €
Lambríaca Teatro	3	114	177,83 €
Ludus Tonalis	2	100	30,00 €

Luis Boyano	2	97,5	234,00 €
Mago Benxamín	3	177,67	329,67 €
Mago Calí	3	128,67	384,67 €
Mago Norberto	2	222	313,38 €
Mago Pablo	2	237,5	325,65 €
Mago Romarís	1	260	728,00 €
Mago Xacobe Sanz	3	243,67	438,20 €
Malasombra	8	115,63	388,19 €
Marco González Tango Argentino	3	194,67	301,67 €
Migallas Teatro	7	95	190,14 €
Miroscopio Perdicións	3	121,67	329,17 €
Musik-walk	3	65,67	226,00 €
Nova Galega de Danza	2	460,5	5.786,50 €
Nunca +1	4	71	179,50 €
Nut Teatro	5	69	147,90 €
O Mago Teto	4	116,25	296,75 €
Orquestra de Cámara de Galicia	2	107	246,00 €
Os Monicreques de Kukas	14	124,57	218,39 €
Os Quinquilláns	6	202,5	402,33 €
Pisando Ovos	6	41,5	103,67 €
Pistacatro Productora de Sonos	12	157,83	698,92 €
Produccións Acontrabutaca	9	194	530,72 €
Pt Excéntricas	7	139,71	605,29 €
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia	4	98,25	178,75 €
Román García	2	60	195,00 €
Sapristi	5	141,4	233,95 €
Sarabela Teatro	19	175,47	841,55 €
Sexteto de Corda no Mar	1	92	0,00 €
Talia Teatro	32	164,97	430,12 €
Tanxarina Títeres	8	131,25	226,31 €
Teatro de Adro	15	98,87	392,90 €
Teatro de Ninguers	21	100,19	348,10 €
Teatro del Andamio	11	101,82	228,05 €
Teatro del Duende	3	173,67	1.382,67 €
Teatro do Atlántico	9	158,78	509,50 €
Teatro do Morcego	21	151,57	664,02 €
Teatro do Noroeste	14	88	312,75 €
Teatro Ensalle	5	50,6	169,60 €
Teatro Galileo	20	121,1	461,54 €
Teatro Meridional S.L.	3	240	1.416,00 €
Teresa Nieto en Compañía	1	76	340,00 €
The Pinga Teatro	2	165	383,50 €
Títeres Cachirulo	8	162,75	238,14 €
Títeres Tropicalllo	10	164,1	324,65 €
Trakatap	1	71	87,00 €
Vocalise	1	157	345,00 €
Volta e Dáile Teatro	7	100,14	321,39 €

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIÓN	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	39	209,08	1071,21 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	7	252	885,89 €
A Estrada	16	98,38	294,38 €
Ames	19	89,21	189,46 €
Arteixo	13	142,38	322,41 €
As Pontes de García Rodríguez	7	126,29	319,43 €
Betanzos	6	113,83	332,58 €
Boiro	10	140,1	228,35 €
Burela	11	242,09	685,41 €
Cambados	5	142,4	174,6 €
Cangas do Morrazo	17	132,59	419,06 €
Carballo	21	133,33	395,84 €
Cedeira	13	126,46	177,65 €
Cee	11	98,91	216,27 €
Culleredo	10	46,4	99,75 €
Ferrol	25	68,64	248,8 €

Foz	14	115,71	252,54 €
Gondomar	1	187	637 €
Laño	6	69,17	184,58 €
Lugo	5	195,4	480,8 €
Mondoñedo	8	60,63	194 €
Monforte de Lemos	10	127,1	323 €
Muros	11	103,82	192,82 €
Narón	19	208,37	1207,57 €
Noia	6	100,17	321,33 €
O Barco de Valdeorras	13	133,08	518,08 €
O Carballiño	5	86	222 €
Oleiros	9	132,22	424,78 €
Ortigueira	10	59,6	188,8 €
Ourense. Teatro Principal	23	133,7	947,43 €
Ourense. Auditorio Municipal	16	147	202,75 €
Ponteareas	8	170,88	416,94 €
Pontevedra	15	356,53	964,7 €
Redondela	13	183,15	333,23 €
Ribadavia	6	111,33	308,17 €
Ribadeo	9	121,67	284 €
Sada	16	104,19	182,88 €
San Sadurniño	8	55,25	113,94 €
Santiago de Compostela	41	139,98	494,24 €
Sanxenxo	8	101,88	391,81 €
Tui	13	251,92	877,96 €
Vigo. Auditorio Municipal	20	137,5	386,3 €
Vigo. CC Caixanova	9	198,78	1233 €
Vilagarcía de Arousa	2	75,5	121 €
Vilalba	11	52,36	111 €
Viveiro	10	157,1	382,3 €

TOTAIS RGTA (ATÉ OUTUBRO)	2006	2007	2008
Funcións	512	485	575
Público	85.112	58.037	81.011
Ocupación	49,94%	32,93%	38,10%
Facturado	191.750,70 €	176.393,31 €	270.100,74 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Sala Nasa (Santiago)	25	36,16	211,28
Sala Santart (Santiago)	9	27,89	95,56
Teatro Arte Livre (Vigo)	30	11,4	292,17
Teatro del Andamio (A Coruña)	39	32,77	119,69
Teatro Ensalle (Vigo)	30	18,5	126,7
Teatro Escena-Arteria Noroeste (Santiago)	7	36,14	85,29

TOTAIS RGS (ATÉ OUTUBRO)	2007	2008
Funcións	116	140
Público	3.590	3.583
Ocupación	38,52%	44,58%
Facturado	18.559,00 €	23.973,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Tuna Rastafari	5	115,2	342,8
Aguardiente Swing Quartet	7	49,43	196,71
Alberto Pérez	8	56,25	213,81
Alegales	7	48,71	100,14
Álvaro Muras	10	27,8	55,8
Álvaro Vieito Trío	10	34,9	84,9
Ataque Escampe	5	35,6	78
Avelaíña	5	26,8	62,6
Balakandra	4	28,75	67,25
Bruno T. Ford	8	34,5	94,88
Bukowski Blues Trío?	12	39	108,92
Capitán Furilo	9	31,22	61,67
Carlos Childe Troupe	6	48	134,17
Carlos López Quartet	4	19,75	91,75
Carmen Dor	3	38	102,33
Cayetano Lledó	1	62	186
Coanhadeira	7	30,14	58,86
Colectivooruga	4	26,75	63,5
Cool Beat	5	22,6	78,8
Cornelius	11	73,18	215,09
Creacións Máxicas	10	68,3	240,4
Cyrille Sinclair	2	29	69
Dani García	1	47	175
Détour	6	28,83	81,67
Día de Furia	3	83,33	235
Diego Massimini	1	16	24
Dismal	4	75	298,75
Doctor Harapos	5	34,4	81,2
Dorian Gray	9	24,33	58,78
Edu Manazas & Whiskey Tren	5	56,2	205,4
El Cubo	6	59,83	180
Elodio y Los Seres Queridos	3	66,33	182
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	7	41,43	122,57
Fernando Esclusa	11	35	61,27
Grasa	9	34,33	77,67
Gustavo Almeida & Brazilian Night	6	38,33	101
Heissel	8	61,88	179,88
Holywater	8	80,75	279,13
Hot3 Sss	4	28,75	101
Igloo	8	65,38	202,38
Iván & Josito	4	55,5	208,5
Jabón Blue	4	63,5	150,75
Jaso&Boo Jazz Performance	8	22,75	53,88
Jato Neiro Jazz Cuarteto	4	26,75	75
Jugoplastika	8	46	136,75

Kiko Pastur (ilusionista)	4	48,5	171,25
Kin García Trío	3	39,67	159
Kogito	5	85,4	192,8
Le Punk	6	69	236,83
Little Albert Boogie Band	8	28,25	67,25
Los Casanovas	6	34,17	95
Los High Sierras	9	61,11	211,22
Machina	2	42,5	99
Mago-Mimo Anyo	2	28,5	85,5
Mago Benxamín	1	38	78
Mago Cali	3	44,33	173,33
Mago Marttyn	1	18	54
Mago Rafa	3	35	105
Mago Richard	1	19	57
Mago Romarís	4	46	185,5
Mago Vituco	2	25	75
Mama Boogie	6	39,5	130,67
Martin Camiña	2	60	201
Miki Nervio & The Bluesmakers	7	58,57	185
Mitocondrias	4	34,75	93
Moondogs Blues Party	7	44	115,29
Mr. Dixie Jazz Band	8	39,5	176,75
Niño y Pistola	7	65	183,71
Norge Batista	3	29,67	56,17
O Leo I Arremecághona!	7	47,57	94,71
O Mago Teto	9	55,78	203,89
O Sonoro Maxín	6	83,17	260,5
Pacífico	9	61	169,89
Pepa e Davide & Madame Cell	7	54,57	150,71
Por Placer	8	47,63	95,13
Renato Spencer & Café Caxaça	2	18	54
Rockers Go To Hell	5	59,6	181,2
Román García	4	28,5	89
Samuel Leví	2	14	33
Sax Machine	11	25,55	62,09
Stereotipos	6	42,83	128,67
Sumrrá	3	46,33	190,67
Sweet Oblivion Band	7	51	110
Swingpool	6	49,33	112,83
Tangata	6	32,33	97,5
Tango Bar	7	44,86	109,86
The Blows	11	117,91	415,18
The Turre´s Band	4	51,25	112,25
Ton Risco-Jacobo de Miguel Dúo	4	32,5	125
Tonhito de Poi e Rasaloba	4	72,75	183,38
Transilvanians	6	98,17	326,67
Ú-lo Trío?	5	33,2	108
Vetusta Morla	6	151,67	526,17
Vozes da Rádio	6	50,17	179,67
We Are Balboa	5	40,6	128,2
Zenar	5	51,6	144

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fragua (Redondela)	15	25,93	48,87
Ache (Marín)	11	64,82	290,86
Aturuxo (Bueu)	25	77,72	286,96
Auriense Café Cultural (Ourense)	14	47,29	105,14
Babel (Lugo)	7	61,43	220,29
Badulake (Ordes)	9	33,78	90,67
Bar Liceum (O Porriño)	12	58,42	197,88
Baranda (O Barco de Valdeorras)	14	52	156
Borriquita de Belém (Santiago)	8	46,38	101
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	13	47,23	134,23
Casa das Crechas (Santiago)	3	29,33	64,67
Catro Camiños (A Rúa)	6	45	90
Clandestino (Nigrán)	10	33,4	126,9
Clavicémbalo (Lugo)	21	33,19	83,81
Contrabajo (Vigo)	14	26,79	88,36
Disco-Sala Ogmios (Cariño)	1	44	132
El Ensanche (Vigo)	11	35,45	109,64
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	5	70,6	173,2
Forum Celticum (Culleredo)	6	78	180
Garufa (A Coruña)	7	46,57	126,86
Jazz Filloa (A Coruña)	8	31,63	158,13
Jazz Vides (A Coruña)	18	38,67	150,39
La Casa de Arriba (Vigo)	18	29,61	85,78
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	27	73,22	220,85
La Galeríajazz (Vigo)	8	18,5	92,5
La Iguana Club (Vigo)	8	102,63	383,75
Manteca Jazz (Vigo)	6	55	235
Marrucho (Baiona)	13	54,31	125,92
Micos (Cariño)	9	26	52
Náutico (O Grove)	13	44,46	130,85
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	8	47,63	102,5
Planeta (Sarria)	8	62,13	267,88
Pub O Muíño (Cervo)	11	41,64	100
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	20	50,15	129,68
Pub Gatos (Melide)	20	32,8	92,45
Pub Leblón (Pontecaldelas)	11	30,64	43,73
Sala Run Run (Ferrol)	15	59,13	205,07
Sala 600 (Melide)	11	101	177,55
Sala Clan (Xinzo de Limia)	9	70,22	209
Sala Karma (Pontevedra)	11	63,45	249,45
Sala Mogay (Chantada)	10	57,7	173,1
Salason (Cangas de Morrazo)	8	53,13	167,25
Salón Parroquial (Ponteareas)	12	61,42	88,33
Vagalume Café Concerto (Salvaterra)	10	55	140
Verbum Jazz (Vigo)	9	32,78	83,44
Woodstock (Sanxenxo)	13	34,31	102,92
Zona Zero (Caldas de Reis)	14	35,43	107,71

TOTAIS RGMV (ATÉ OUTUBRO)	2007	2008
Concertos	628	540
Público	29.662	26.662
Ocupación	36,31%	36,69%
Facturado	73.976,00 €	79.491,50 €

